

BANDO DA ALCALDÍA

MEDIDAS ANTE A SECA

Veciños/as e visitantes:

Como todos/as coñecedes, estamos a vivir un longo período de seca que ten provocado unha diminución nos recursos de auga en xeral, ata o punto de que Galicia xa está en prealerta por escaseza de auga.

Debido á previsión de que a escaseza e/ou ausencia de choiva se vai manter nas vindeiras semanas e ao aumento no consumo, motivada pola afluencia de visitantes nesta época do ano, a empresa subministradora vén de comunicarvos a necesidade de adoptar medidas encamiñadas a aliviar esta situación.

Polo tanto, adóptanse as seguintes decisións:

- Prohibir o uso de auga potable para encher piscinas, regar, baldear, limpeza de fachadas, vehículos, etc.
- Instar ás empresas e comercios a minimizar o máximo posible o consumo de auga.

Antes de chegar a ter que tomar decisións máis restritivas hai medidas que poden ser aplicadas por todos/as sen que alteren de forma significativa o noso día a día.

Apelo á responsabilidade e civismo da veciñanza (permanente e de segunda residencia, e mesmo a turistas e visitantes) para un uso razoable e o aforro da auga, un ben esencial para a vida, adoptando medidas como:

- Substituír os baños por duchas.
- Pechar as billas cando non se estean usando.
- Evitar e arranxar perdas de auga en billas, mangueiras, etc.
- Calquera outra que permita un uso sostible e un aforro no consumo de auga.

Rogo a implicación activa de todas e todos vós para prolongar as reservas de auga o maior tempo posible.

AS MEDIDAS RECOLLIDAS NESTE BANDO MANTERANSE ATA NOVO AVISO

O ALCALDE

JOSÉ MANUEL PÉREZ PENAS